


CINEFORUM AURORA

Ciclo Cine e movemento obreiro



Cancións para despois dunha guerra

Ficha técnica

Título orixinal: Canciones para después de una guerra

País, ano e duración: España, 1976, 99 minutos

Director e montador: Basilio Martín Patino

Guionistas: Basilio Martín Patino y José Luis García Sánchez.

Música: Manuel Parada

Fotografía: José Luis Alcaine

Participantes: Celia Gámez, Imperio Argentina, Estrellita Castro, Miguel de Molina, Lola Flores, Juanita Reina, Antonio Machín, Lolita Sevilla, Marlene Dietrich...

Sinopse

A película consiste nunha serie de imaxes de arquivo, todas elas aprobada previamente pola censura franquista, sobre as que se superpoñen cancións populares da época, co que se consegue darlle un segundo significado satírico e mesmo político ao que se amosa en pantalla.



Como se fixo a película

En 1970, cinco anos antes da morte de Franco, o director do filme consegue autorización para o acceso aos arquivos do NODO e da Filmoteca Nacional para levar adiante o seu proxecto e así logra presentar a súa película á Comisión da Censura en 1971. A censura non se decatou da carga de profundidade que supoñía e aceptou, con correccións, a montaxe definitiva presentada. Incluso Martín Patino conseguiu que a Xunta de Cualificación lle concedese unha subvención. Sen embargo, non conseguiu que se proxectase nin en Valladolid nin en San Sebastián e, ademais e inmediatamente, comezou desde un sector do falanxismo unha campaña intensa contra o filme. Algún crítico cinematográfico falanxista chegou a escribir ata 67 artigos sobre ela, todo eles condenatorios as chamadas do inferno. Cando Carrero Blanco, presidente do goberno de Franco, chegou a ver *Cancións para despois dunha guerra*, a prohibición foi radical: ordenou a incautación do negativo e a destrución das copia que puidese haber. Patino conseguiu sacar o negativo do país a Francia e por fin puido estreala no ano 1976, despois da morte de Franco. O éxito de recadación foi extraordinario e estivo semanas en cartel alá onde se estreou.

Nomes propios

Basilio Martín Patino: O director do filme foi artífice de películas senlleiras do cine español como *Nove cartas a Berta* (1965) e a triloxía sobre o franquismo que, xunto coa película que nos ocupa, inclúe *Queridísimos verdugos* e *Caudillo*, documentais realizados tamén antes da morte de Franco, aínda que moi diferentes entre si. Anarcosindicalista, colaborou coa CNT durante algún tempo.

José Luis García Sánchez: Coguionista de *Cancións para despois dunha guerra*, chegou a acadar unha proxección profesional moi destacada dentro do cine español. Seus son guións salientables como o do programa de televisión *A bola de cristal* ou de filmes como *Belle Époque*, e súa e a película *A corte de Faraón*. Ten dous premios Goya.

José Luis Alcaine: O director de fotografía tamén chegou a ter un percorrido impresionante no cine español. Nomeado 21 veces aos premios Goya e chegou a conseguir cinco cabezas do pintor. Entre a súa numerosa obra está *Quen pode matar un neno* (1976), *A ponte* (1977), *A moza das bragas de ouro* (1980), *A viaxe a ningunha parte* (1986), *Átame* (1990) e innumerables títulos máis ata chegar a 158.

Celia Gámez: Actriz, vedete e bailarina hispano-argentina que militou activamente no bando nacional, bando no que publicou a súa canción *Ya hemos pasao*, contestación burlesca ao lema republicano de *No pasarán*. Frecuentou as capas máis elevadas do réxime, tendo numerosos amantes coñecidos como Alfonso XIII e Millán Astray.

Jorge Sepúlveda: Foi un cantante de boleros e pasodobres de éxito durante o franquismo. Nacido en 1917, chegou a ser sarxento no exército da República e foi internado no campo de concentración de Albatera.

Tras a guerra comezou a súa carreira musical, con éxitos como *Mirando al mar* ou *Santander*. Morreu en Palma de Mallorca en 1983 e, de acordo cos seus propios desexos, foi incinerado e sepultado na fosa común número 7 do cemiterio de Palma de Mallorca, xunto os seus compañeiros de quinta republicanos.

Miguel de Molina: Foi un cantante de copla de éxito e unha figura de gran popularidade. Abertamente republicano e homosexual foi perseguido e torturado coa chegada do franquismo, polo que acabou fuxindo exiliado á Arxentina e México. A súa triloxía de éxito foron unhas coplas imprescindibles para a historia musical do país: *El día que nací yo*, *La bien pagá*, e *Ojos verdes*. Morreu na Arxentina en 1993.

Ramón Perelló: Era un reputado letrista de coplas e canción española e militante da CNT durante a República e a guerra civil. Foi o autor das letras de numerosos éxitos como *Mi jaca*, *La bien pagá*, *Échale guindas al pavo*, *Soy minero*, *Falsa monea*, *Adiós a España*, etc., todas elas interpretadas polos artistas, homes e mulleres, máis senlleiros. Condenado polo fascismo, pasou cinco anos nas cadeas de Yeserías e Carabanchel. Morreu en 1978.

